

# Administración Local

## Municipal

### Teo

*Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase*

**Edicto relativo á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.**

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2010, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

O expediente e a Ordenanza estiveron expostos ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 132 de data 14 de xullo de 2010 polo prazo de trinta días, e mediante anuncio no xornal “El Correo Gallego” de data 6 de xullo de 2010.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva da devandita modificación da ordenanza fiscal, así como o texto íntegro da mesma, en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Teo, 7 de setembro de 2010

O Alcalde

Martiño Noriega Sánchez

**“MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS, E POR RESERVA DA VÍA PÚBLICA PARA APARCADOIRO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.**

#### **Artigo 1.-Modificación do artigo 5. cota tributaria**

Modifícase o apartado 5 do artigo 5º.-cota tributaria; que queda redactado como segue:

“ 5.-Placa-sinal. Importe: 16 €’

## **Artigo 2.-Modificación do artigo 6.- período impositivo e data de devengo.**

Modifícase o artigo 6º, de xeito que a redacción será:

“1.- Con carácter xeral, o período impositivo coincidirá cón ano natural, a taxa devéngase o día 1 de cada ano, e as cotas seán irreductibles.

2.-Non obstante, no suposto de que a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público non coincida cón ano natural, isto é, altas e baixas, a taxa se prorrateará por trimestre naturais, de xeito que só se cobrarán os trimestres completos nos que se produza a utilización privativa, a partir da data da Resolución que concede a licenza ou a baixa”.

## **Artigo 3.-Modificación do artigo 7.-Normas de xestión**

Modifícase o artigo 7º.-normas de xestión, que queda redactado como segue:

“1.- O expediente se inicia mediante solicitude do interesado, que deberá indicar con precisión quen será o titular da licenza, o domicilio (rúa, lugar, urbanización e número) e a superficie a ocupar e deberá presentarse no rexistro xeral de entrada do concello.

2.-Da solicitude se dará traslado á Policía Local para emisión do oportuno informe de comprobación. Unha vez emitido, se dará conta do expediente á Tesourería Municipal que formulará proposta de liquidación. Posteriormente se dictará Resolución de Alcaldía, aprobando ou denegando a licenza, indicando o seu número, e aprobando a cota tributaria a pagar. Finalmente se notificará a resolución ao interesado e se dará traslado da mesma á Policía Local.

3.-Unha vez aboado o importe da taxa, os interesados deberán presentar o xustificante de pago nos Servizos Económicos previamente á entrega da placa”

Teo, 7 de setembro de 2010

O Alcalde

Martiño Noriega Sánchez

2010/13111